



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 6790/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Mediante Decreto da Alcaldía 2022-2291 do día 13 de Decembro de 2022 aprobouse a convocatoria e as bases do proceso de selección dunha (1) praza vacante de Técnico/a Superior, Escala de Administración Xeral, Subescala Superior, Grupo A1, no marco do proceso de estabilización de emprego da Lei 20/2021.

As bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 27/12/2022 e o seu extracto no DOGA e no BOE de 30/12/2022.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal Cualificador publicou na Sede Electrónica do Concello de Cangas e na páxina web municipal a proposta de nomeamento.

Conforme ao disposto no artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, para adquirir a condición de funcionario de carreira as persoas nomeadas prestarán acatamento da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico e tomarán posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

Por todo o exposto e de conformidade con el artículo 21.1.h) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local,

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Nomear funcionaria de carreira do Concello de Cangas a MARÍA RODRÍGUEZ GÓMEZ con DNI n.º ***84272* para ocupar unha praza de Técnico/a Superior, Escala de Administración Xeral, Subescala Superior, Grupo A1.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución á aspirante que obtivo a praza, comunicándolle que deberá prestar acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico e tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base sexta no Departamento de Persoal.

No caso de que á candidata proposta estea en situación de incapacidade temporal, o prazo para a toma de posesión comezará a partir do día seguinte hábil á data de finalización da baixa médica, que deberá





acreditar. Quedan exceptuados do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, que poderán tomar posesión durante esta situación.

TERCEIRO. Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios municipal (físico e electrónico) así como na páxina web e no Portal de Transparencia deste Concello.

CUARTO. Aprobar a lista de substitucións prevista nas bases coa composición e orde seguinte:

1º	HERRERO-RINCÓN GONZÁLEZ MARTA	***09209*
2º	ENTENZA MARTÍNEZ LAURA	***11275*
3º	VÁZQUEZ MOSQUERA MARÍA JOSÉ	***02989*

Os chamamentos que se efectúen seguirán a orde da listaxe garantindo que todas as persoas que o integran vaian cumprindo por esta orde o mesmo número de chamamentos progresivamente. Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción do mesmo. A renuncia inxustificada ao chamamento suporá a exclusión da listaxe. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe sen exclusión daquel de tal xeito que poderá volver ser chamado novamente cando seguindo a orde lle volva a tocar. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da listaxe.

QUINTO. Comunicar ós Departamentos municipais de Persoal, Intervención, Tesourería, Comité de Empresa e Xunta de Persoal ós efectos oportunos.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

- Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.





Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 499OCXCN54HCEAHFKXZXWT3F
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

